

## Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

### ALEGACIÓN Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL DA ZONA DENOMINADA ECOSISTEMA DUNAR DE PRAIA ÁMÉRICA-PANXÓN

D. [REDACTED] con D.N.I. [REDACTED] con domicilio a efectos de notificación en [REDACTED] - [REDACTED], dirección de correo electrónico [REDACTED] en representación da Asociación de defensa medioambiental Salvemos Monteferro, inscrita co nº 2006/009642-1 no Rexistro Central de Asociacións.

#### EXPÓN:

O pasado 9 de outubro de 2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 25 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se somete a información pública a proposta de declaración de espazo natural de interese local (ENIL) da zona denominada Ecosistema dunar de praia América-Panxón, pertencente ao concello de Nigrán (Pontevedra).

Na memoria técnica que forma parte da documentación de proposta de declaración do ENIL Ecosistema dunar de praia América-Panxón, se fala no apartado 4. "antecedentes" da recuperación e fases realizadas entre febreiro de 2005 a xuño de 2008. Vai un resumo da mesma:

FASE	DATA	LUGAR	SUPERFICIE
1ª Fase	Febreiro 2005	Panxón e praia América (Centro e Monte Lourido)	6.353 m <sup>2</sup>
2ª Fase	Novembro 2006	Praia América (centro)	2.722 m <sup>2</sup>
3ª Fase	Novembro 2006	Panxón	5.931 m <sup>2</sup>
4ª Fase	Abril 2008	Panxón	3.375 m <sup>2</sup>
5ª Fase	Xuño 2008	Praia América	4.200 m <sup>2</sup>
		<b>TOTAL:</b>	<b>22.581 m<sup>2</sup></b>

A superficie total a recuperar (e recuperada) nesas fases segundo dito apartado da memoria é de 22.581 metros cadrados, pero no anexo I do borrador da orde polo que se declara, de xeito provisional, como ENIL o Ecosistema dunar de praia América-Panxón no concello de Nigrán (Pontevedra) aparecen grafiados os límites do espazo indicando que ten unha superficie de 2,2 has. que parece coincidir coa superficie da totalidade das fases de recuperación descritas na memoria técnica, **sen embargo nos límites do espazo non están incluídos os correspondentes a parte da zona de actuación da primeira fase, e a totalidade das zonas de actuación terceira e quinta fase.**

#### POR TODO ELO SOLICITAMOS:

Que se inclúan nos límites do ENIL da zona denominada Ecosistema dunar de praia América-Panxón, pertencente ao concello de Nigrán (Pontevedra) (Anexo I do borrador da orde) a totalidade da superficie de actuación das 5 fases descritas na memoria técnica pertencente ao expediente de tramitación de dito ENIL

Sen outro particular lle saúda atentamente

[REDACTED]